



INFORMACIÓN PARA A INSCRIPCIÓN NAS PROBAS DE ACCESO 2022/23

Prazo para entregar a solicitude

22/04/2022 – 23/05/2022

Onde podo cubrir a solicitude?

- En www.edu.xunta.es/eas con certificado dixital ou Chave365.
- Descargando o impreso en https://i.gal/solicitud_22-23.

Onde teño que entregar a solicitude e a documentación requirida?

- Na oficina administrativa do Conservatorio Superior de Música da Coruña (horario de atención ao público: 10.00 – 13.00 h, de luns a venres)
- No caso de non poder presentala no centro de xeito presencial, poderá facerse por rexistro público ou por correo postal a través dunha oficina de Correos. Neste caso, cómpre enviar por correo electrónico a administracion@csmcoruna.com o xustificante do rexistro, así como todos os documentos escaneados ou fotografados, dentro do prazo de inscrición.

Documentación requirida, segundo proceder (orixinal + copia ou copia compulsada)

- DNI, NIE ou pasaporte
- Documentación académica segundo proceda:
 - Título de bacharelato ou titulación equivalente.
 - Certificación académica do bacharelato con indicación de materias pendentes.
 - Certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
 - Título universitario que cumpra as condicións establecidas no punto 4 da primeira instrución da resolución pola que se convocan as probas de acceso https://i.gal/convocatoria_22-23.



- Certificado de superación da proba substitutiva do requisito de titulación de bacharelato correspondente a convocatorias anteriores.
- Título profesional de música ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou o libro de cualificación das ensinanzas profesionais, se é o caso, con indicación da nota media do expediente.
- Pendente de realizar a proba que substitúe o requisito de titulación. Esta circunstancia farase constar na solicitude, a súa admisión quedará condicionada á superación do requisito correspondente.
- Documento acreditativo do grao de discapacidade e solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda, de ser o caso.
- Documento acreditativo da condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, de ser o caso (https://i.gal/deportista_alto_nivel).
- Xustificante do aboamento dos prezos públicos (empregar un dos modelos seguintes:
E, A I, 730 ou 731)
 - Códigos

Consellería: 07 - Cultura, Educación e Universidade
Delegación: 10 – A Coruña
Servizo: 03 - Ensino Medio
Taxa: 350700 Conservatorios de Música e Danza
Obxecto de pago: PROBA DE ACCESO 2022-23
 - Modelo **E**
 - Facílitate na conserxería do centro (tamén nos conservatorios profesionais de música ou centros de ensinanzas artísticas superiores).
 - Modelos **A I** (descargable en <https://ovt.atriga.gal>)
 - O documento consta de 3 follas (entidade financeira, interesado, Administración). A persoa interesada deberá imprimir e completar a man estas tres copias, acudir á entidade financeira colaboradora para realizar o pago e **presentar o exemplar *Administración* xunto coa solicitude.**



- Modelos **730** e **731**, dispoñibles en <https://ovt.atriga.gal> para o pagamento con tarxeta bancaria [Cidadáns → Pago de taxas e prezos (Iniciar taxa) → Iniciar tramitación electrónica (Iniciar taxa)]
 - Se o proceso se completa correctamente obtérase un xustificante de pago con dous exemplares (Interesado e Administración). **Debe presentar o exemplar *Administración* xunto coa solicitude.**
 - Prezos públicos da proba de acceso a ingresar (Decreto 89/2013, do 13 de xuño; DOG núm. 114 do 17/06/2013):
 - 64,00 €
 - 32,00 € - Familia numerosa xeral*
 - Exención de pagamento*:
 - Familia numerosa de categoría especial
 - Funcionariado dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Grao de discapacidade igual o superior ao 33%.
 - Vítimas de actos terroristas, así como os e as cónxuxes e fillas e fillos.
 - Vítimas de violencia de xénero e mais o alumnado cuxa proxenitora a sufra.
- * **Todas as circunstancias que dean dereito á bonificación o u exención do pagamento teñen que acreditarse coa correspondente certificación acreditativa, para o que se entregará na secretaría do centro o orixinal e unha fotocopia, ou copia compulsada.**